

Aclaracións aos temarios incluídos no acordo do 27 de setembro de 2023 polo que se resolve a cobertura de 58 postos de diversas categorías do cadro de persoal da sociedade mercantil pública autonómica Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (SEAGA) e se publican as bases da convocatoria.

A base VIII.1.1. Temarios, indica que *"Aqueles normas de dereito positivo incluídas no temario que figura no ANEXO IV e que fosen derogadas parcial ou totalmente, serán automaticamente substituídas por aquelas que procedan á súa derogación parcial ou total, con data límite da publicación da presente convocatoria.*

Non obstante, posto que se recibiron consultas acerca da vixencia de certas normas incluídas nos temarios, a fin de aclarar axeitadamente os contidos dos mesmos, compre realizar as seguintes precisións:

Nas páxinas 25, 27, a norma indicada é:

"DECRETO 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia"

Debe entenderse que norma vixente é:

"DECRETO 79/2023, do 22 de xuño, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia"

Na páxina 44 onde di:

Instrución de Formigón estrutural EHE-08. Conceptos prácticos de aplicación en obra

Debe dicir:

Código estrutural aprobado polo Real Decreto 470/2021, de 29 de xuño. Conceptos prácticos de aplicación en obra, no que respecta ao formigón estrutural.

